

**COMISIÓN VALORACIÓN DE CONCURSO ESPECÍFICO DE MÉRITOS
PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL
FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE
VIGO (R.R. 29/06/2016)**

En sesión do 20 de setembro de 2016, a comisión de valoración adoptou entre outros, os seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO. Consonte coa convocatoria, establecer e publicar os criterios de valoración referidos aos méritos profesionais e ao proxecto:

A) MÉRITOS PROFESIONAIS:

Primeiro.- Valorar como titulacións relacionadas co posto Xefe/a do Servizo de Control Interno (01600 PF1012-1) as seguintes:

- Diplomatura en Xestión e Administración Pública
- Grao en Dirección e Xestión Pública
- Licenciatura/Grao en Administración e Dirección de Empresas
- Licenciatura/Grao en Dereito
- Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais
- Licenciatura/Grao en Economía
- Diplomatura en Ciencias Empresariais
- Diplomatura en Relacións Laborais
- Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201600015310
21/09/16 10:21:35

Segundo.- Valorar con 0,5 puntos os títulos de diplomatura e grao e con 1 punto as licenciaturas e máster.

Terceiro.- Valorar cun máximo de 1 punto a asistencia a xornadas, seminarios, simposios ou similares relacionados coas funcións do posto. Cada asistencia será valorada con 0,05 puntos.

Cuarto.- Valorar cun máximo de 1 punto a formación impartida directamente relacionada coas funcións do posto. Cada hora de formación impartida será valorada con 0,1 puntos.

Quinto.- Ate un máximo de 2 puntos a experiencia acreditada. Poderase obter puntuación por calquera dos 3 apartados seguintes sen exceder do tope máximo:

1. Mesmo nivel de responsabilidade e funcións da área: 0,1 puntos por mes completo traballado
2. Mesmo nivel e distinta área: 0,05 puntos por mes completo traballado.
3. Funcións similares na mesma ou distinta área con nivel 25 ou superior. 0,05 puntos por mes completo traballado.

B) PROXECTO:

Primeiro.- Valorar do seguinte xeito o proxecto:

1. Ate 5 puntos por coñecemento da área, análise das tarefas do posto e requisitos, condicións e medios para desempeñalo.
2. Ate 5 puntos pola proposta organizativa con obxectivos e accións.
3. Ata 10 puntos pola defensa oral ante a comisión tendo en conta a coherencia coa proposta presentada, a claridade na exposición, a facilidade na comunicación, capacidade de resposta e de relacionar coñecementos e a de síntese.

SEGUNDO. Publicar as puntuacións correspondentes aos méritos xerais no anexo I,

TERCEIRO. Convocar á defensa e exposición oral do proxecto a todas as persoas aspirantes relacionadas no anexo I que terá lugar o día 27 de setembro ás 16.30 horas, na sala de xuntas número 1 do Edificio de Xerencia.

Actuará en primeiro lugar a candidata á praza de Xefa/e do Servizo de Asesoría Xurídica.

As persoas aspirantes á praza de Xefa/e de Servizo de Control Interno se convocarán seguindo a orde alfabética a partir da letra O vixente para os procesos selectivos na Comunidade Autónoma de Galicia segundo a resolución da Consellería de Facenda de 22 de xaneiro de 2016 (DOG do 12 de febreiro)

A sala contará con ordenador portátil e pantalla como medios auxiliares de apoio á exposición.

Vigo, 20 de setembro de 2016
A SECRETARIA DO COMISIÓN VALORACIÓN,


Ana Isabel González Penín

Vº e Pr.,
O PRESIDENTE,


Manuel Fernández Jauregui

Dilixencia para facer constar que a presente resolución se publica no taboleiro de anuncios do rexistro xeral o día 21 de setembro do 2016,
A xefa de sección de emprego e programas




Margarita González Hernández

ANEXO I

01100 PF1011-1: Xefe/a do Servizo da Asesoría Xurídica

| | A. Antigüidade | B. Grado persoal consolidado | C. Grupo de clasificación | D. Formación D.1. Titulación | D. Formación D.2. Cursos de Formación | E. Grao Coñecemento do Galego | F. Traballo Desenvolvido | G. Medidas Conciliación e Igualdade de Xénero | Total Méritos Xerais |
|--------------------------|----------------|------------------------------|---------------------------|------------------------------|---------------------------------------|-------------------------------|--------------------------|---|----------------------|
| Pousa Crespo, María José | 12,7500 | 10,0000 | 12,0000 | 3,0000 | 10,0000 | 10,0000 | 31,6376 | 0,0000 | 89,3876 |

01600 PF1012-1: Xefe/A do Servizo de Control Interno

| | A. Antigüidade | B. Grado persoal consolidado | C. Grupo de clasificación | D. Formación D.1. Titulación | D. Formación D.2. Cursos de Formación | E. Grao Coñecemento do Galego | F. Traballo Desenvolvido | G. Medidas Conciliación e Igualdade de Xénero | Total Méritos Xerais |
|------------------------------|----------------|------------------------------|---------------------------|------------------------------|---------------------------------------|-------------------------------|--------------------------|---|----------------------|
| Cabaleiro Soto, Margarita | 17,2500 | 10,0000 | 9,0000 | 3,0000 | 10,0000 | 10,0000 | 33,0000 | 0,0000 | 92,2500 |
| Ojea Troncoso, María Dolores | 17,2500 | 11,0000 | 12,0000 | 3,0000 | 10,0000 | 0,0000 | 33,0000 | 0,0000 | 86,2500 |
| Nieto Rodríguez, Angel | 12,7500 | 7,0000 | 9,0000 | 3,0000 | 7,6000 | 9,5000 | 26,4026 | 0,0000 | 75,2526 |
| Munilla Rumbao, Silvia | 8,2500 | 7,0000 | 9,0000 | 3,0000 | 8,2400 | 9,5000 | 15,4743 | 0,0000 | 60,4643 |